


2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):



a) Localice as provincias numeradas do 1 ao 4 (Figura 2), indicando cales terán temperaturas máis altas e cales máis baixas (1 punto).

Provincias:

1: Zamora 2: Badaxoz 3: Xirona 4: Baleares. Zamora e Badaxoz terán temperaturas máis altas, Xirona e Baleares máis baixas.

b) Comente o documento (Figura 1) seguindo as seguintes cuestións:

• **Identifique o tipo de documento, as figuras isobáricas, fronte e a localización -a grandes trazos- destes (1 punto).**

Estamos diante dun mapa meteorolóxico de superficie, no que se expresa a presión atmosférica en isóbaras e se localizan diferentes centros de presión, así como outras figuras isobáricas (frontes cálidas e frías).

Distinguimos no mapa un centro de altas presións, sobre o Océano Atlántico -ao Oeste das costas da península ibérica- bastante profundo, con 1028 mb de presión no seu centro-; e un centros de baixas presións pouco profundo situado no norte da península escandinava -con 1000 mb de presión no seu centro-.

Unha fronte atravesa o mapa de oeste a leste á altura das illas Británicas. Trátase da fronte polar que ten un carácter dobre (fronte frío e cálido) e que aparece formando familias de fronte.

A situación latitudinal (moi o norte), das figuras isobáricas e as fronte, é debida a dous factores que actúan en conxunto: o desprazamento que experimenta cara o norte o Jet Stream (de circulación zonal: desprazamento rectilíneo); e o aumento da temperatura, vinculado á alta radiación que recibe esta zona, e que permite unha posición norteña do anticiclón das azores, que actuará de barreira, impedindo o paso das borrascas e fronte por latitude máis baixas, en concreto, pola Península Ibérica.

• **Masas de aire e ventos dominantes nas distintas áreas de España (1 punto).**

Nesta situación conflúen dúas masas de aire de características contrastadas, o norte, unha masa de aire polar marítimo (Pm) habitualmente fría e húmida que non afecta a península; e o sur, unha masa de aire tropical marítimo -cálida e húmida- que ten a súa orixe nos anticiclóns subtropicais. Toda España (península e illas) queda baixo o dominio do aire tropical marítimo canalizado polo anticiclón das azores. Os ventos, procedentes do suroeste, serán suaves, chegando en Centroeuropa a unha situación de pantano barométrico (rexión onde reinan as altas presións de forma regular, sen grandes variacións en amplas superficies). Sen embargo áreas do norte de Europa serán barridas pola fronte que deixará precipitacións.

• Situación meteorolóxica e tipos de tempo que cabe esperar nas comunidades de Galicia e Castela a Mancha, significando as diferenzas de temperatura, humidade e precipitación (1 punto).

Con estes datos podemos intuír que estamos, en toda España, nunha situación propia do verano (xa o mapa nos indica a data, finais de verán, aínda que podería darse igualmente a finais da primavera ou principios do outono). Coñécese esta situación como “anticiclón oceánico”, e caracterízase por un tempo estable, ceos despexados, falta de vento e temperaturas elevadas, máis importantes canto máis ao sur e sueste da península. que podería dar orixe nalgún momento a fenómenos termoconvectivos (tormentas de verán provocada por borrascas térmicas).

Debido ao factor latitudinal, anteriormente comentado, as temperaturas serán maiores en Castela a Mancha que en Galicia. Diferencias que serán aínda maiores en comparación ca costa galega debido o efecto de oceanidade que modera as temperaturas, e non tan grandes co interior de Galicia, xa que esta igual cas mesetas sufriran o efecto de continentalidade (o estar ambas lonxe da costa).

Ademais, o tempo será seco en Castela a Mancha e bochornoso no litoral galego debido á humidade ambiental.